

CURSO

TÉCNICAS E FERRAMENTAS PARA O TRABALLO SOCIAL CON GRUPOS

FORMACIÓN DIRIXIDA PREFERENTEMENTE A T.SOCIAIS COLEXIADOS/AS EN ACTIVO DE SS.SS COMUNITARIOS

DOSSIER INFORMATIVO



INDICE

1) Resumo do curso.....	2
2) Obxectivos.....	2
3) Contidos formativos.....	3
4) Persoas destinatarias.....	3
5) Calendario	4
6) Metodoloxía.....	4
7) Avaliación	5
8) Inscripción.....	5
9) Docencia	5

1. RESUMO DO CURSO



25 horas



10 sesións virtuais, de 16.30 a 19.00h.



Do 1 de marzo ao 3 de maio de 2022.



De balde.

2. OBXECTIVOS

- Traballar a intervención con grupos de persoas, familias, organizacións e comunidades desde a perspectiva de TSG.
- Promover o desenvolvemento e a independencia das persoas, utilizando ao grupo para o crecemento individual e colectivo.
- Promover o desenvolvemento das habilidades e o emprego de técnicas e instrumentos necesarios para traballar profesional e eficazmente con grupos e persoas.
- Comprender e soste ao grupo.
- Tomar conciencia do vínculo entre o/a profesional e o grupo e/ou persoa.
- Explorar técnicas creativas para a intervención con grupos.

3. CONTIDOS FORMATIVOS

Módulo 1. O grupo e a dinámica de grupo: coñecementos básicos sobre composición

- O grupo como sistema.
- Orixe e evolución do Traballo Social de Grupos.
- O TSG como método.
- Fases da vida do grupo /proceso de grupo.

Módulo 2. Dinámica grupal

- Elementos estruturais do grupo.
- A vida afectiva e relacional do grupo ou Roles no grupo.
- Xestión emocional do grupo.

Módulo 3. O papel e as competencias da traballadora social no grupo.

- Rol do/a profesional no sistema.
- Habilidades e técnicas para a condución. Parte I
- Habilidades e Técnicas para a condución. Parte II

Módulo 4. Recursos prácticos para a práctica do TSG

- Técnicas teatrais aplicadas á intervención social.
- Dinámicas de grupos: O proceso creativo como ponte.

4. PERSOAS DESTINATARIAS

Formación dirixida, prioritariamente, a traballadores/as sociais **colexiados/as no COTSG en activo** que desenvolvan a súa labor nos **SS.SS Comunitarios**, en virtude do acordo de colaboración establecido coa Dirección Xeral de Inclusión da Xunta de Galicia. De haber prazas libres, poderá participar calquera outro/a profesional de T.Social colexiado/a.

5. CALENDARIO

Do 1 de marzo ao 3 de maio de 2022.

VIDEOCONFERENCIAS	DATAS	HORARIO
Sesión 1	1 marzo	16.30-19.00h
Sesión 2	8 marzo	16.30-19.00h
Sesión 3	15 marzo	16.30-19.00h
Sesión 4	22 marzo	16.30-19.00h
Sesión 5	29 marzo	16.30-19.00h
Sesión 6	5 abril	16.30-19.00h
Sesión 7	12 abril	16.30-19.00h
Sesión 8	19 abril	16.30-19.00h
Sesión 9	26 abril	16.30-19.00h
Sesión 10	3 maio	16.30-19.00h

6. METODOLOXÍA

O **método** é o Traballo Social de Grupos, que se define e diferencia doutras formas de intervención, en que acompaña ás persoas no seu proceso de realización persoal e cambio social dentro e a través dun grupo.

O **enfoque** de intervención é sistémico, trata de comprender o funcionamento da sociedade desde unha perspectiva holística e integradora. É dicir, que a forma de abordar este proxecto é percibir o grupo de persoas destinatarias como un sistema que non pode ser illado senón que teñen que verse como parte dun todo onde o importante son as relacións entre os compoñentes.

As **técnicas e ferramentas** son dinámicas e participativas, potenciando a dimensión «aprendizaxe» fronte a «ensino», favorecendo o traballo en equipo, e estimulando o intercambio de experiencias.

Utilizarase o proceso creativo, para axudar a identificar e expresar aquilo que afecta as persoas. Ao expresarse por medio do proceso creativo, a persoa é capaz de expresar o que lle afecta, mentres se traballa aquilo que lle afecta dentro dun ambiente libre de xuízo.

7. AVALIACIÓN

Para poder acreditar mediante diploma a superación da acción formativa, será precisa a **realización das tarefas** propostas pola docencia, así como a **asistencia ao 75% das sesións virtuais**.

8. INSCRIPCIÓN

A inscrición realizarase a través deste [formulario](#), achegando ademáis a **Vida Laboral actualizada** a info@traballosocial.gal indicando no asunto Formación_TSGRUPOS.

Data límite de inscrición: 21 de febreiro ata as **12:00 AM**.

Prazas limitadas. A admisión na acción formativa realizarase por orde de inscrición.

9. DOCENCIA

Maitane Ortega

Traballadora Social de Grupos con enfoque sistémico. Máster en Xestión de Conflitos e Promoción da Convivencia. Experta en Intervencións Sistémicas. Na actualidade é fundadora e directora de Gizabi, Trballo Social e Intelixencia Social.

Lorena Pla

Traballadora Social de Grupos con enfoque sistémico. Máster Interuniversitario de intervención e Mediación Familiar, Monitora de Educación Sexual e Emocional. Na actualidade é fundadora e directora de Gizabi, Trballo Social e Intelixencia Social.

COLEXIO OFICIAL DE TRABALLO SOCIAL DE GALICIA

Rúa Dublín, 6, baixo. 15707 Santiago de Compostela (A Coruña)



981 568 100



info@traballosocial.gal



facebook.com/COTSdeGalicia



[cotsgalicia](https://instagram.com/cotsgalicia)

Coa financiación de:

